

MARZO AMBIENTAL 2024

MEMORIA DE ACTIVIDADES



Educando para a Sustentabilidade



Índice

P á x i n a

1. Proxecto <i>Educando para a Sustentabilidade</i>	3
2. Marzo Ambiental 2024	3
3. Programa	4
4. Actividades MA'24	

Mesas Redondas	Páx. 5
Palestras	9
Obradoiros	14
Cinema	17
Voluntariado e Visita técnica	19
Exposicións	21
Mercadiño de Troco	23
Pegada ecolóxica con Emapic	24

5. Participación e avaliación	25
5.1. Horas de formación e participación	25
5.2. Valoración das persoas participantes	27



1. Proxecto Educando para a Sustentabilidade

A Oficina de Medio Ambiente desenvolve actividades centradas na educación e divulgación ambiental. O proxecto *Educando para a Sustentabilidade*, co-financiado pola Fundación Alcoa na súa sexta edición, reúne as accións centradas neses campos, co obxectivo de formar á comunidade universitaria e á cidadanía para a súa participación na sustentabilidade ambiental e social.

O *Marzo Ambiental*, enmarcado na iniciativa *Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio*, dálle especial relevancia a este proxecto, do que é unha parte fundamental.

2. Marzo Ambiental 2024

O ciclo específico de formación e sensibilización ambiental durante o mes de marzo, estivo composto por palestras, obradoiros, mesas redondas, visitas técnicas e voluntariado ambiental.

As actividades do *Marzo Ambiental 2024* trataron cuestións diversas, entre elas destacaron as seguintes temáticas:

Microplásticos e contaminación | Enerxía eólica | Moda sustentable

Intelixencia Artificial verde | Voluntariado ambiental | Mobilidade responsable

Compostaxe e residuos | Pegada ecolóxica e hídrica | ODS2030 | Eco-auditorías



3. Programa

Do 1 ao 22 de marzo desenvóléronse un total de 32 actividades na UDC (28 no Campus da Coruña e 4 no Campus de Ferrol), das que 6 foron mesas redondas, 11 palestras, 8 obradoiros, 1 visita técnica, 2 convocatorias de voluntariado ambiental e 3 proxeccións de cinema ambiental.

O programa completouse coa localización de 6 **exposicións** con temática de sustentabilidade en Facultades e Escolas da universidade, das que dúas delas foron o resultado de concursos de fotografía coas temáticas de “Cambio climático” e de “Bioarte”. As exposicións estiveron dispoñibles para visita libre durante todo o mes de marzo.

Ademais, na actual convocatoria, a novidade de éxito foi o **Mercadiño de troco**, que se localizou na Facultade de Socioloxía e estivo aberto á participación de toda a comunidade universitaria, de forma continuada durante todo o mes de marzo.

O seguinte calendario mostra as actividades do Marzo Ambiental 2024:

L	M	Mé	X	V	S	D	
				2	1	2	3
4	1 1 1	1 1 1	1 1		8	9	10
11	1 1	5	2 1		15	16	17
18	3	1 3 1	3	1	22	23	24

■ Mesa redonda ou palestra
 ■ Obradoiros
 ■ Cinema ambiental
 ■ Voluntariado e Visita

Difusión

A difusión do proxecto comezou coa solicitude de propostas para o programa aos comités Green Campus dos centros docentes da UDC. Desta forma, abriuse a temática da sustentabilidade a cada disciplina de ensino.



Deseñada para este evento, a imaxe da capa desta memoria acompañou o cartaz, folleto, publicacións de redes sociais e web para divulgar o Marzo Ambiental 2024. Cartaz e folletos en papel foron distribuídos por todos os centros da UDC. Ademais, o persoal bolseiro da Oficina deseñou cartaces específicos para moitas actividades.

Toda a información estivo dispoñible online na web da OMA-UDC, no apartado [específico “Educando para a sustentabilidade”](#). Cada semana publicáronse no apartado de “Actualidade” da [web da OMA-UDC](#) as actividades próximas, información que tamén chegou semanalmente a toda a comunidade universitaria a través das listas de correo-e. Completouse a divulgación nas redes sociais, tanto da propia Oficina como das Facultades e Escolas implicadas.

> *Captura de pantalla do apartado de actualidade da web da OMA-UDC.*

Campus, casa, cidade:
Laboratorios do cambio

MARZO AMBIENTAL 2024
do 1 ao 22 de marzo

Contacto:
oam@udc.es
https://www.udc.es/guest/sociedade/medio_ambiente/
981 1 67 000 ext. 5626, 3688

Participación gratuíta. Práctas limitadas.
Inscripción necesaria para todas as actividades.
Formulario de inscrición: https://forms.office.com/e/9P20G4UW
98% participación = 1 crédito ECTS para estudantes de 4º ano.

Educando para a Sustentabilidade

Palestras, mesas redondas, obradoiros, visitas técnicas, voluntariado, cinema, exposicións

Consulta o programa completo e actualizado:

ODS2030, Compostaxe, Sociocinema, Microplásticos, Pegada ecolóxica, Biodiversidade, Mobilidade, TIC e IA verde

MARZO AMBIENTAL 2024
do 1 ao 22 de marzo

Laboratorios do cambio

Educando para a Sustentabilidade

A Coruña (e en liña)

Venres 1:

- Palestra. A xestión dos residuos: novo marco regulador e o caso Nostán. 11:30-12:30h. F. Dereito (Elviña).
- Mesa redonda. O modelo Nostán, unha proposta de futuro? 12:30-13:30h. F. Dereito (Elviña).

Martes 5:

- Mesa redonda. A lei do litoral a debate. 11:30-13:00h. F. Dereito (Elviña).
- Obradoiro. Compostaxe. 12:00-13:30h. F. CC. Educación (Elviña).
- Sociocinema ambiental. Fios fora. 18:30-20:30h. F. Socioloxía (Elviña).

Mércores 6:

- Obradoiro. Compostaxe. 12:30-13:30h. U. Sénior (Riazor).
- Palestra. Mobilidade urbana sustentable: Bicicoruña na UDC. 12:30-13:30h. F. Socioloxía (Elviña).
- Sociocinema ambiental. Sobrecargados. 18:30-20:30h. F. Socioloxía (Elviña).

Xoves 7:

- Obradoiro. SM sensorial: Corpo e Terra. 12:30-13:30h. F. Socioloxía (Elviña).
- Sociocinema ambiental por Palestra. Foragers. 18:30-20:30h. F. Socioloxía (Elviña).

Martes 12:

- Palestra-Obradoiro. Eco-auditoría da auga. 12:00-13:30h. F. CC. Educación (Elviña).
- Voluntariado ambiental. Limpeza do entorno natural do campus de Oza. 16:00-18:00h. Comedor Universitario de Oza

Mércores 13:

- Palestra. Actuacións para a eficiencia enerxética na UDC. 12:30-13:30h. U. Sénior (Riazor).
- Mesa redonda. Impactos dos microplásticos dende a Química e a Bioloxía. 12:15-13:30h. F. Ciencias (AZapateira).
- Mesa de debate. ODS Sesión: busca os ODS2030 na UDC. 16:00-17:00h. F. Socioloxía (Elviña).
- Palestra. A biodiversidade no trópico e a súa importancia no mundo. 16:00-17:00h. **En liña.**

Xoves 14:

- Mesa redonda. A responsabilidade xurídica por danos medioambientais: o caso da crise dos pellets. 11:30-13:00h. F. Dereito (Elviña).
- Palestra. Utilidades dos drones na análise das paisaxes e a protección do medio natural. 16:00-17:00h. **En liña**

Martes 19:

- Palestra. TIC e xeorreferencia participativa. 12:00-13:30h. F. CC. Educación (Elviña).
- Palestra. Intelixencia Artificial verde: Cara a un futuro sostible. 12:30-13:30h. F. Informática (Elviña).
- Palestra e práctica. Como cheguei eu a emitir estes kg de CO2? 16:00-17:00h. F. CC. Deporte (Bastagueiro).

Mércores 20:

- Voluntariado ambiental. Deporte e medio ambiente: limpeza de praias. 2 sesións: 10:30-11:45h e 12:00-13:15h. F. CC. Deporte (Bastagueiro).
- Palestra. Moda sustentable. 12:30-13:30h. U. Senior Coruña (Riazor).
- Obradoiro. Elaboración de xabón con aceite usado. 16:00-18:30h. EUJAT (A Zapateira).

Xoves 21:

- Mesa redonda. Experiencias de éxito en economía sustentábel: empresas do noso contorno. De 11:30 a 13:30h. F. Economía e Empresa (Elviña).
- Palestra. Mobilidade urbana sustentable: Bicicoruña na UDC. 12:30-13:30h. ETECCP (Elviña).
- Palestra. Método Arcón, recoñecido como destacado avance científico e legado transcendental en bendita humanidade. 16:00-17:00h. **En liña.**

Venres 22:

- Obradoiro. Cocíña palestina. SUG+Palestina. 18:30-20:00h. F. CC. Saúde (Oza).

Ferrol

Mércores 6:

- Visita técnica. EDAR Cabo Prioriño. 9:00-12:30h. Saída en bus desde EPEF.

Mércores 13:

- Palestra. Descubre a vida oculta en Ferrol: os sopravividos e a técnica de mostraxe nos árbores do Campus. 12:30-14:00h. EUDI.

Xoves 14:

- Obradoiro. Compostaxe. OMA-UDC. 12:30-13:30h. U. Sénior (Ferrol).

Mércores 20:

- Obradoiro. Territorio sen lei: que acontece en alta mar? 11:00-13:00h. Casa da Xuventude de Ferrol.

Durante todo o mes!

- Mercadiño de troco na F. Socioloxía (Elviña).
- Exposicións en múltiples Facultades e Escolas.

Imaxe do folleto utilizado na divulgación do Marzo Ambiental 2024, distribuído en papel nos centros da UDC.

4. Actividades

Nas seguintes páxinas móstranse nun formato simplificado en ficha de consulta, os detalles das actividades do Marzo Ambiental 2024, co seguinte código de cores:

Mesas Redondas	Páx. 5
Palestras	9
Obradoiros	14
Cinema	17
Voluntariado e Visita técnica	19
Exposicións	21
Mercadiño de Troco	23
Empaic	24

O modelo Nostián, unha proposta de futuro.

DATA: 01/03/2024

LUGAR: Fac. de Dereito

ASISTENCIA: 17 persoas



A Facultade de Dereito contou co privilexio de acoller ás persoas responsables municipais na xestión de residuos, ante a actual situación de incerteza no futuro da planta de xestión de Nostián. Presentada e moderada por Ana Aba Catoira, Decana da Facultade de Dereito, á cita acudiron Noemí Díaz, Concelleira do PSDG-PSOE, Francisco Jorquera, do BNG, e Roberto Rodríguez do PP. A concelleira expuxo a proposta de continuidade da planta, que inclúe a instalación do quinto contedor de recollida selectiva dirixido especificamente a envases dada a prima económica, instando á poboación a separalos do resto de fracción seca, clásico modelo de xestión húmido-seco en Nostián. Os dous representantes da oposición mostraron os seus puntos de vista e entre os tres mantiveron unha interesante conversa sobre as melloras posibles para unha planta que foi pioneira na xestión de residuos sólidos urbanos.

Experiencias de éxito en economía sustentábel: empresas do noso contorno.

DATA: 21/03/2024

LUGAR: Fac. de Economía e Empresa

ASISTENCIA: 103 persoas



Nesta mesa redonda interviron Begoña Pumar (Bioetanol Galicia, Vertex), Marcos Pérez (Fundación Galicia Sustentable) e Juan Carlos Meijide (Inserttega).

A interesante mesa con numeroso público interesado, deu a coñecer proxectos moi distintos entre si, pero que traballan pola sustentabilidade. Desde a produción de etanol para a fabricación de biocombustibles, ata a reciclaxe de residuos téxtiles con perspectiva social, e pasando pola recuperación de solos degradados por plantacións de eucaliptos para devolverlles a capacidade de cultivo.

ODSesións: busca os ODS2030 na UDC.

DATA: 13/03/2024

LUGAR: Fac. de Socioloxía

ASISTENCIA: 12 persoas



Na mesa participaron cinco integrantes da UDC que traballan os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS 2030) desde diferentes disciplinas, co gallo da inserción curricular da sustentabilidade.

Alsira Salgado (ETS Náutica e Máquinas) destacou a importancia do ODS 14 nas materias da súa Escola, “Vida submarina”, e a necesidade de protexer o medio mariño da contaminación.

Jesús Cendán expuxo o papel da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) e a importancia dos cursos de aprendizaxe servizo (APS) vinculados cos ODS 2030.

Ángeles Longarela e Carmen Gago (F. Economía e Empresa) trataron as diferentes iniciativas para educar na sustentabilidade ambiental, social e económica. Destacaron o curso MOOC, as ofertas dos TFG con perspectiva ambiental e os proxectos de colaboración con entidades externas.

Jakson Renner R. Soares (F. Turismo) falou da necesidade de educar nun turismo consciente desde a perspectiva turista-residente para coñecer o impacto desta actividade, e incentivando ao alumnado a implicarse no tema dos ODS2030 nos seus TFG.

O debate estivo moderado por María Bañón, coordinadora do proxecto ODSesións na UDC.

A lei do litoral a debate.

DATA: 05/03/2024

LUGAR: Fac. de Dereito

ASISTENCIA: 5 persoas

O tema principal da mesa foi tratar a recente aprobación desta norma no Parlamento de Galiza (xullo 2023), a través da cal se busca unha xestión racional e sostíbel do litoral galego.

Introduciu a mesa o profesor Javier Sanz Larruga, da Área de Dereito administrativo e co-redactor da Lei. A moderación da mesa correu a cargo da profesora Marta García Pérez, Secretaria Xeral da UDC e tamén co-redactora da Lei.

No debate participaron as deputadas Rosana Pérez polo BNG e Patricia Otero polo PSOE. A deputada Arantxa Canoura, do PP, tamén convidada pero sen asistencia.



Impactos dos microplásticos dende a Química e a Bioloxía.

DATA: 13/03/2024

LUGAR: Fac. de Ciencias

ASISTENCIA: 40 persoas



Na mesa interveu Soledad Muniategui, catedrática de Química e Directora do Instituto Universitario de Medio Ambiente da UDC, quen mostrou o detalle de composición dos microplásticos, a súa influencia no medio ambiente e na saúde. Interveu tamén Alfredo López, biólogo da CEMMA (Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños), ONG galega de referencia, acompañou a súa explicación con imaxes dos danos causados aos mamíferos mariños por plásticos.

Resultou unha mesa con participación activa no debate, ao tratar un tema de actualidade tras a crise acontecida na costa galega pola vertedura de *pellets* do buque Toconao en decembro de 2023.

A responsabilidade xurídica por danos medioambientais: o caso da crise dos pellets.

DATA: 14/03/2024

LUGAR: Fac. de Dereito

ASISTENCIA: 16 persoas



Na mesa redonda participou o profesorado da UDC: Javier Sanz Larruga, catedrático de Dereito administrativo; Natalia Álvarez Iata, catedrática de Dereito civil; Gabriela Oanta, profesora titular de Dereito internacional público e María Ángeles Fuentes Loureiro, profesora axudante doutora de Dereito penal. Moderou Rafael García Pérez, profesor titular de Dereito mercantil.

O propósito foi divulgar as ferramentas xurídicas para facer fronte a danos ambientais. Expuxéronse varias ideas. Entre elas, a relación entre dano e reparación ambiental, facendo visible a necesidade de que os danos incidan sobre certos elementos do medio para que sexan considerados como tales, e polo tanto atinxa a lexislación para a reparación. Foi unha mesa de grande interese para calquera persoa con inquedanzas sobre a protección do medio ambiente, e tamén resultou de proveito para coñecer os retos xurídicos do noso tempo.



Imaxes: exemplos de cartaces específicos para a divulgación de actividades concretas do Marzo Ambiental 2024.

A xestión dos residuos: novo marco regulador e o caso Nostión

DATA: 01/03/2024
LUGAR: Fac. de Dereito
ASISTENCIA: 11 persoas



Palestra presentada por Ana Aba, Decana da Facultade de Dereito e David Soto, coordinador Green Campus na mesma Facultade, e impartida por J. José Pernas García, Prof. de Dereito público na UDC.

Durante a súa intervención, destacou que as necesidades da sociedade actual propiciaron un modelo con baixos niveis de reciclaxe, no que a eficiencia económica non conduce á eficiencia ambiental. É necesario incentivar tanto á poboación coma aos organismos implicados. Fixo fincapé no incumprimento sistemático da normativa por parte das entidades locais, e polo tanto, na necesidade de converter a adecuada xestión de residuos nunha prioridade política estratéxica.

A biodiversidade no trópico e a súa importancia no mundo.

DATA: 13/03/2024
LUGAR: En liña
ASISTENCIA: 56 persoas



A palestra impartida por Arnold González Saldaña, desde Panamá na modalidade en liña, foi presentada pola Decana da Facultade de Ciencias da Saúde, Adriana Ávila. O relator é unha persoa destacada no seu país polo excelente traballo humanitario e naturalista. A. González expuxo a riqueza da biodiversidade de Panamá, partindo da súa historia xeolóxica, que favoreceu a actual presenza de milleiros de especies de aves e plantas. O país de pequena extensión conta con numerosos Parques Naturais para a protección da biodiversidade que acubilla. Mais tamén destacou o perigo que corre, debido a déficits de xestión no país, como o tratamento de residuos, as malas praxes de extracción mineira, a falta de regulación na instalación de industrias contaminantes, a promoción do consumismo ou a falta de investimento en educación e investigación ambiental. Para rematar, enfatizou no valor do traballo de ONGs, entre elas “Yaguarapanama”, “Adopta un bosque”, “Fundacion de Mar y Tierra”, “Fundación Marea Verde”.

Actuacións para a eficiencia enerxética na UDC.

DATA: 13/03/2024
LUGAR: Universidade Sénior Coruña
ASISTENCIA: 22 persoas



A palestra impartida por Jesús Giz, Técnico Superior de Mantementos da UDC, contou coa asistencia de numeroso público interesado nas accións que se levan a cabo na propia universidade co obxecto de mellorar a eficiencia enerxética. Algúns exemplos citados foron a implantación de paneis fotovoltaicos, o cambio de luminarias a LEDs, ou os mecanismos recuperadores de calor que substitúen a ventiladores eléctricos que teñen un elevado gasto enerxético.

Descobre a vida oculta en Ferrol: os saproxílicos e a técnica de mostraxe nas árbores do Campus.

DATA: 13/03/2024

LUGAR: EU. Deseño Industrial

ASISTENCIA: 84 persoas



A charla comezou nunha das aulas da Escola Universitaria de Deseño Industrial, onde Pablo Torrella, naturalista e educador ambiental do Museo de Historia Natural de Ferrol, expuxo o interese da fauna galega en Ferrol, facendo énfase nos saproxílicos, aqueles organismos que dependen, durante parte do seu ciclo vital, da madeira morta.

A palestra completouse coa visita ás zonas verdes do campus, onde se puxo en práctica a mostraxe e observación directa de saproxílicos.

TIC e xeorreferencia participativa.

DATA: 19/03/2024

LUGAR: Fac. Ciencias da Educación

ASISTENCIA: 6 persoas





Alberto Varela, director do Laboratorio de Enxeñaría Cartográfica (CartoLAB UDC), comezou a intervención definindo os mapas, a súa función e importancia, baseándose na evolución histórica da cartografía para chegar á actual aplicación de xeorreferencia participativa Emagic. Emagic é unha aplicación de ciencia cidadá desenvolta polo CartoLAB da UDC e que permite múltiples aplicacións. As de interese para este ciclo Marzo Ambiental son as desenvoltas para o cálculo da pegada ecolóxica (PE) persoal, entre os compoñentes dispoñibles están o cálculo da PE dos residuos, da mobilidade e da enerxía.

Varela, colaborador do Marzo Ambiental desde o ano 2018, motivou ao alumnado asistente para participar no rexistro da pegada ecolóxica, co obxecto de ser conscientes de como os hábitos cotiás afectan ao medio.

Utilidades dos drones na análise das paisaxes e a protección do medio natural.


DATA: 14/03/2024
LUGAR: En liña
ASISTENCIA: 29 persoas



O Dr. Fernando Iglesias Rey, destacado consultor forestal e experto na formación e intervención neste ámbito, proporcionou unha visión profunda sobre o papel dos drones na monitorización dos ecosistemas naturais. Explicou en detalle cómo estes dispositivos aéreos non tripulados son unha valiosa ferramenta para ter unha visión global e detallada que doutro modo non sería posible. Ademais, subliñou a súa utilidade na inspección do terreo despois de desastres naturais, como incendios forestais ou inundacións, axudando así na avaliación dos danos e na planificación das accións de recuperación.

Intelixencia Artificial verde: Cara a un futuro sostible.

DATA: 19/03/2024
LUGAR: Fac. Informática
ASISTENCIA: 8 persoas



Grazas a Verónica Bolón, Profesora de Enxeñaría informática UDC, Investigadora CITIC e membro da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais, o público asistente puido entender máis en detalle en que consiste a Intelixencia Artificial (IA), tema de interese na actualidade, e as posibilidades para que o seu avance se faga da man da sustentabilidade ambiental, reducindo gastos enerxéticos e polo tanto emisións asociadas. Verónica expuxo a definición de IA tal que debe ser fiable, transparente, ética e sostible, facendo fincapé no último adxectivo que frecuentemente non se ten en conta. Mais deu a coñecer os avances do seu grupo de investigación neste eido, axudando a lograr unha sociedade máis consciente e sostible.

Como cheguei eu a emitir estes kg de CO₂?

DATA: 19/03/2024

LUGAR: Fac. Ciencias do Deporte

ASISTENCIA: 70 persoas



A actividade dividiuse en dúas partes. A primeira consistiu nunha exposición de Martina Rey Dono, técnica da Oficina de Sustentabilidade da UDC, na que explicou a problemática da produción e xestión de residuos. A continuación, as persoas asistentes puideron realizar a práctica do cálculo da pegada ecolóxica persoal por xeración de residuos, empregando a ferramenta desenvolta pola Oficina de Medio Ambiente na aplicación Emapic, que permite xeolocalizar as participacións e ofrece informes personalizados en función do resultado de pegada ecolóxica ou de carbono obtido.

Moda sustentable.

DATA: 20/03/2024

LUGAR: U. Sénior Coruña

ASISTENCIA: 26 persoas



A relatora foi a socióloga e profesora da Facultade de Economía e Empresa, Noelia Salido Andrés, quen ofreceu unha interesante palestra expoñendo os conceptos de economía lineal, economía circular e circularidade téxtil. N. Salido presentou a responsabilidade das empresas do sector téxtil sobre o destino dos residuos téxtiles e as novas medidas de inminente aplicación a partir de 2025. Un exemplo é o espazo web de produtos de segunda man de Inditex. Mais alén das iniciativas de grandes corporacións en aras de cumprir a normativa, a relatora recomendou o comercio local e presencial, promovendo a segunda man que ademais de coidar o planeta, frecuentemente está asociada a proxectos sociais de inserción laboral.

Mobilidade urbana sustentable: Bicicoruña na UDC.

DATA: 06/03/2024, 21/03/2024
LUGAR: EU. Arquitectura Técnica, ETSE Camiños, Canais e Portos
ASISTENCIA: 16 persoas



Dúas sesións, en Escolas do campus de Elviña e da Zapateira. A actividade de carácter informativo foi impartida polo persoal do Concello da Coruña (2 membros da policía local). Proxectouse unha presentación na que se expuxeron os conflitos entre vehículos motorizados, vehículos de mobilidade persoal (VMP) e peóns, respecto á normativa de uso. Ademais, os relatores presentaron o *Plan Coruña Camiña* e o proxecto de ampliación do actual carril bici da cidade.

Eco-auditoría da auga.

DATA: 12/03/2024
LUGAR: Fac. de CC. da Educación
ASISTENCIA: 25 persoas



A actividade práctica comezou cunha explicación en aula, a cargo de Martina Rey Dono, técnica da Oficina de Sustentabilidade da UDC.

Expuxéronse as medidas de aforro da auga no contexto do cambio climático e a Gran Aceleración, e tamén se incidiu sobre a pegada hídrica en Galiza, e nos hábitos que cada persoa pode mudar no día a día para o consumo responsable sen despilfarro de auga.

Na experiencia práctica traballouse en grupos visitando as billas dos lavabos da facultade para rexistrar os caudais que están a ofrecer, rexístralos na aplicación desenvolta pola Oficina de Medio Ambiente da UDC coa ferramenta Emapic, e reflexionar sobre as posibilidades de aforro.

Elaboración de xabón con aceite usado.

DATA: 20/03/2024

LUGAR: EU Arquitectura Técnica

ASISTENCIA: 25 persoas



O obradoiro monitorizado por Verónica Torrijos, técnica da Oficina de Sustentabilidade da UDC, completou as prazas ofertadas con lista de agarda. Comezou a actividade cunha breve introdución teórica do proceso de saponificación, pasando a repartir a “receita” que se seguiría no proceso a todas as persoas participantes. A tarefa fíxose en grupo, empregando aceite usado procedente do contedor deste residuo localizado na mesma Escola e que xestiona a entidade Mulleres Colleiteiras. Ademais, a experiencia completouse coa xelificación de xabón para facer xabón en xel para a lavadora. Todas as persoas puideron levar mostras para as súas casas.

Territorio sen lei: que acontece en alta mar?.

DATA: 20/03/2024

LUGAR: Casa da Xuventude de Ferrol

ASISTENCIA: 11 persoas




A actividade a cargo de Fran Sequeiro, CEO da Asociación Xeración, expuxo os principais problemas e ameazas que afectan aos ecosistemas mariños, como a sobrepesca, a contaminación por plásticos e as especies invasoras. A parte práctica consistiu na formación de grupos para o intercambio de experiencias e posta en común das solucións que se atoparon.

Practica a compostaxe na UDC.

DATAS: 05/03/2024, 14/03/2024

LUGAR: Universidade S nior Ferrol, Facultade de Ciencias da Educaci n

ASISTENCIA: 20 persoas



A actividade pr ctica replicouse nos Campus de Coru a e de Ferrol. Comezou cunha explicaci n en aula, a cargo de Martina Rey Dono, t cnica da Oficina de Sustentabilidade da UDC.

Present ronse os datos actuais de producci n de residuos no contexto galego e as posibilidades de xesti n, explicando en detalle as melloras que ofrece a compostaxe para a reciclaxe da materia org nica.

A continuaci n os grupos despraz ronse ata as  reas de compostaxe do Campus de Ferrol e asociada ao comedor de CC. da Educaci n, onde se puxo en pr ctica unha sesi n de mantemento dun composteiro, explicou o proceso de manexo, e as persoas asistentes tam n puideron participar na din mica.

Coci a palestina.

DATA: 22/03/2024

LUGAR: Ed. Terapia Ocupacional, Oza

ASISTENCIA: 14 persoas



A actividade dividiuse en d as partes. Nun primeiro lugar a monitora, Sahar Shatat, membro de BDS, expuxo a relaci n do pobo palestino coa  rbore oliveira, s mbolo da s a cultura e gastronom a; e ligouno con outras referencias da identidade e a gastronom a. A continuaci n, p xose en pr ctica a elaboraci n e proba de varios pratos e especias orixinais e tradicionais de palestina.

O ecosistema dun composteiro. Compostaxe na UDC.

DATA: 06/03/2024

LUGAR: Universidade S nior

ASISTENCIA: 27 persoas



Actividade pr ctica monitorizada por Ver nica Torrijos, T cnica da Oficina de Sustentabilidade da UDC, que comezou cunha breve introduci n sobre a xesti n dos residuos org nicos na Universidade e o funcionamento das  reas de compostaxe, para continuar coa experiencia pr ctica de identificaci n dos organismos macroinvertebrados dunha mostra real de compost producido na UDC, co apoio de chaves dicot micas para a s a identificaci n. As persoas participantes concluíron que a ampla biodiversidade atopada nas mostras reflicte a boa calidade do produto, e a s a valiosa utilidade para o emprego como fertilizante de primeira calidade nas hortas urbanas da mesma universidade.

8M Sensorial. Corpo e terra: reconectando coa li axe feminina.

DATA: 07/03/2024

LUGAR: Fac. de Sociolox a


ASISTENCIA: 11 persoas



A actividade dividiuse en 4 fases ou etapas dirixidas polas estudantes da UDC Sandra Lorenzo Casado e Solangeles Ortiz Bedregal. Comezouse cun ritual co obxectivo de honrar  s ancestras e crear un espazo seguro e c modo para as participantes. Seguidamente f xose unha din mica de redescubrimiento das xenealox as e li axes femininas, buscando fortalezas e rebeld as nas mulleres das historias individuais e persoais, a trav s da reflexi n e da expresi n art stica por medio da pintura. En terceiro lugar compart ronse as experiencias co grupo, para finalizar falando da importancia de po er en valor as voces e miradas que non son as que quedan rexistradas nos libros de historia.

Cinema ambiental: Fíos Fóra.

DATA: 05/03/2024
LUGAR: Fac. de Socioloxía
ASISTENCIA: 7 persoas



Este documental de 2015 conta a historia das mulleres galegas que traballaron na industria téxtil desde os anos 60, e como se deslocalizou o negocio ao facerse máis grande. Tras a proxección, fíxose unha posta en común e saíron temas como as diferenzas entre homes e mulleres nos postos de responsabilidade e de traballo de base, respectivamente, e a explotación laboral e límites da legalidade relacionado co negocio téxtil en terceiros países.

Cinema ambiental: Sobrecargados.

DATA: 06/03/2024
LUGAR: Fac. de Socioloxía
ASISTENCIA: 8 persoas



A actividade dividiuse en dúas partes. En primeiro lugar, proxectouse e visualizouse o documental Sobrecargados (sinopse: consecuencias do comercio marítimo a nivel ambiental, análise dende a sociedade de consumo e reflexión sobre o papel do individuo). Trala longametraxe, realizouse un interesante debate no que as persoas asistentes compartiron os seus puntos de vista ante a situación actual desta problemática.

Cinema: Foragers.

DATA: 01/03/2024

LUGAR: Fac. de Dereito

ASISTENCIA: 8 persoas



O filme narra a vida de persoas palestinas que viven en territorio ocupado por Israel, narra con algo de humor inesperado, a complicación de manter hábitos e tradicións ao impoñerse normativas que mesmo ameazan coa cadea. Tras a proxección, debateuse sobre as situacións recreadas no filme e tamén sobre o conflito armado en curso que comezou o 7 de outubro de 2023. Ademais, María Flores, integrante da plataforma SUGXP (Sistema Universitario Galego por Palestina), achegou unha pequena mostra de herbas aromáticas (protagonistas do filme) para a proba das persoas asistentes.

Deporte e natureza: limpeza de praias

DATA: 20/03/2024

LUGAR: Praia de Bastiagueiro

ASISTENCIA: 63 persoas



A monitora V. Torrijos, técnica da Oficina de Sustentabilidade da UDC, introduciu a actividade de voluntariado no contexto de contaminación mariña, os seus compoñentes, motivos e impactos. A continuación repartiuse o material necesario (bolsas, luvas) e despois de media hora recollendo lixo, en grupo levouse a cabo a clasificación ou caracterización do lixo, coa finalidade de observar en primeira persoa a tipoloxía e procedencia de residuos atopados no areal de Bastiagueiro.

Limpeza do entorno natural do Campus de Oza

DATA: 12/03/2024

LUGAR: Campus de Oza

ASISTENCIA: 7 persoas



Esta actividade de voluntariado ambiental foi monitorizada por Martina Rey Dono, técnica da Oficina de Sustentabilidade da UDC. Tras unha breve introdución sobre o impacto dos residuos nos diversos ecosistemas do medio natural, o detalle de como se ía desenvolver a actividade e o reparto do material necesario, as persoas participantes pasearon as zonas verdes do campus, recollendo todo o lixo do chan, e recollendo separadamente as cabichas, ao seren un residuo moi numeroso e característico destes espazos. Ademais, a súa recollida separada, permitiu contabilizalas e facer sensibilización ambiental e de vida saudable sen tabaco. Tamén se clasificou por tipo de materiais o resto de residuos recollidos, para poder depositalos ao remate no seu contedor correspondente.

Visita a EDAR Cabo Poriño

DATA: 6/03/2024

LUGAR: Campus de Esteiro, Ferrol

ASISTENCIA: 26 persoas



Á chegada á Estación Depuradora de Augas Residuais, o persoal explicou en aula o funcionamento das distintas partes da estación. A continuación a visita foi guiada por toda a planta, realizando breves paradas para explicacións específicas e para atender as dúbidas xeradas. Para rematar, desprazámonos ata A Malata, onde observamos o funcionamento do recinto enterrado do proxecto de bombeo.

A pegada ecolóxica

DATA: do 1 ao 22 de marzo

LUGAR: F. Fisioterapia

VISITANTES: 80 persoas



Edita: OMA-UDC e Sociedade Galega de Educación Ambiental. Esta exposición conta con datos da pegada ecolóxica no mundo, en Galiza e na UDC. A pegada ecolóxica na UDC avalíase como a suma de oito compoñentes: mobilidade (49,1% da pegada total), electricidade (24,1%), edificación (14,8%), combustíbeis fósiles (9,0%), territorio (2,1%), consumo de papel (0,5%), xeración de residuos (0,2%) e consumo de auga (0,2%).

Debullando o prato de Harvard

DATA: do 1 ao 22 de marzo

LUGAR: F. Ciencias

VISITANTES: 80 persoas



Edita: OMA-UDC, UDC Saudable, Nutriciona. Nesta exposición preséntanse as bases da estratexia de alimentación do Prato de Harvard, que consiste en fomentar unha dieta saudable coa composición proporcional das doses diarias dos grupos alimentarios de verduras, hidratos de carbono, proteínas e graxas. Ademais contén información sobre alimentación ecolóxica, de proximidade e comercio xusto.

Aproximación a mobilidade universitaria na Coruña

DATA: do 1 ao 22 de marzo

LUGAR: ETSE Camiños, Canais e Portos

VISITANTES: 80 persoas



Edita: OMA-UDC e Asociación Mobi-Liza. A exposición mostra un exemplo de desprazamento cidade-UDC, cos datos de distancias, tempos e velocidades en diferentes medios de transporte. Analízanse os obstáculos que se encontra cada un dos medios de transporte, ao tempo que sinala cuestións clave para promover a mobilidade sustentábel.

O lixo na UDC – Modelo Nostián

DATA: do 1 ao 22 de marzo
LUGAR: F. Economía e Empresa
VISITANTES: 80 persoas



Edita: OMA-UDC, Concello da Coruña. Esta exposición trata a xestión do lixo desde unha dobre perspectiva; por unha banda, achega información sobre o contexto galego e coruñés e, por outra, promove a sensibilización ambiental, destacando o Modelo Nostián, caracterizado pola recollida separada da fracción orgánica, e que atinxe á UDC nos seus campus da Coruña.

A exposición encóntrase dixitalizada na seguinte ligazón: https://udc.es/sociedade/medio_ambiente/compostaxe/e-xpo-residuos/. Ademais na canle YouTube da OMA pode seguirse unha visita guiada polo Técnico de Medio Ambiente do Concello da Coruña: <https://www.youtube.com/watch?v=NYYEvnnmKA8&t=147s>

Bioarte desde o Green Campus FCS

DATA: do 1 ao 22 de marzo
LUGAR: F. CC. da Saúde, Ed. Terapia Ocupacional
VISITANTES: 80 persoas



A exposición estivo composta polas tres fotografías gañadoras da IV Edición do Concurso de fotografía “Bioarte desde o Green Campus FCS”, no que participou o alumnado da Facultade de Ciencias da Saúde coa presentación de imaxes con motivo ambiental. As persoas premiadas levaron un lote de libros con temática de sustentabilidade e natureza, ademais da súa propia obra impresa en tamaño A3.

Certame fotográfico sobre Cambio Climático e ODS2030

DATA: do 1 ao 22 de marzo
LUGAR: F. Economía e Empresa
VISITANTES: 80 persoas



Esta exposición estivo composta por 12 fotografías seleccionadas das presentadas ao Certame de fotografía sobre o cambio climático e ODS2030, serviu para divulgar a mensaxe de concienciación sobre o cambio climático e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). O concurso tivo moi boa acollida con máis de 55 fotografías recibidas. As tres imaxes gañadoras foron premiadas, por unha banda, cun lote de libros de temática de sustentabilidade a cargo da Oficina de Sustentabilidade e o Proxecto Educando para a Sustentabilidade, e por outra, cun premio en metálico a cargo da Cátedra Hijos de Rivera.

Mercadiño de troco

DATA: 01-22/03/2024
LUGAR: Fac. de Socioloxía
ASISTENCIA: 80 persoas



O vestíbulo da Facultade de Socioloxía foi lugar durante o mes de marzo do Mercadiño de troco que tivo moi boa acollida entre o alumnado universitario. Diversidade de obxectos rotaron nas mesas case a diario. Creáronse unhas normas ou consellos que estiveron expostas para a consulta de calquera persoa disposta a participar, e non se detectou ningunha incidencia, senón que o éxito convidou a continuar coa iniciativa en futuras ocasións.

Emapic: calculadora da pegada ecolóxica

DATA: do 1 ao 22 de marzo

LUGAR: en liña: <https://emapic.es/custom/oma>

PARTICIPANTES: 94 entradas




A pegada ecolóxica da mobilidade e transporte



A pegada ecolóxica da xeración de residuos



A pegada ecolóxica do consumo de enerxía





Imaxe: capturas de pantalla do visor para entrada ás calculadoras (superior esq.) e logo da ferramenta Emapic (sup. dta.), do mapa calculadora de residuos coas 77 contribucións durante o mes de marzo (inferior esq.), e a súa gráfica de distribución dos kgCO₂ por persoa e ano asociados (inf. dta.).

A ferramenta para o cálculo da pegada ecolóxica desenvolta coa aplicación Emapic, ten como obxectivo obter as emisións de CO₂ asociadas aos hábitos cotiás como son a produción de residuos, a mobilidade e o consumo enerxético, ademais de concienciar no aforro de auga. Durante o mes de marzo promoveuse o seu uso con publicacións nas RRSS e durante os obradoiros de temática afín.

Como resumo dos rexistros introducidos ao longo do mes de marzo, froito da divulgación deste proxecto, obtivéronse os resultados que se mostran na seguinte táboa e gráficas. A mobilidade é a responsable do 55% da pegada de carbono das tres compoñentes (mobilidade, residuos e enerxía), causada principalmente polo tráfico rodado na modalidade de unha soa persoa por coche. Por outra banda, só o 33% das billas rexistraron un caudal tipo A (<6L/min), que sería o adecuado para o lavado de mans.


EMAPIC	Nº rexistros	kgCO ₂ /persoa-ano
Residuos	77	143,4
Mobilidade	6	540,0
Enerxía	2	302,5
Auga	9	7,77 L/min
TOTAL (1-22 marzo)	94	



4. Participación e avaliación

4.1. Horas de formación e participación

Na convocatoria Marzo Ambiental 2024 rexistrouse a participación de **773 persoas** nas actividades que se detallan na Gráfica 1. O mínimo de participantes foi de 5 persoas, e superando as 100 asistencias en algunha mesa de debate. A media de asistencia atinxiu as **27 persoas/actividade** (mediana de 17).



Gráfica 1. Nº de persoas participantes en cada actividade do Marzo Ambiental 2024. Módulos: (M) Mesas redondas; (P) Palestras; (O) Obradoiros; (S) Sociocinema ambiental; (V) Visitas técnicas e Voluntariado ambiental.


A este rexistro de asistencia cómpre engadir os módulos de Exposicións, Mercadiño de troco e Emapic (ferramenta para o cálculo da pegada ecolóxica), que en conxunto suman 654 persoas e 187 horas de dedicación. Os rexistros en Emapic obtéñense da propia aplicación, e as visitas libres ás exposicións e ao mercadiño de troco, a razón de 5 persoas por día que estiveron dispoñibles, e polo tanto 80 persoas en cada ítem.

Ao global de **1.521 persoas** correspondeulle unha dedicación de **1,09 horas/persoa ao Marzo Ambiental 2024**. Esta métrica móstrase na táboa 1.

Táboa 1. Resultados de participación (Nº persoas) e dedicación (Nº horas) nos módulos do Marzo Ambiental 2024.


	Nº persoas	Nº horas
Palestras e mesas redondas	521	975
Obradoiros e prácticas	252	493
Pegada ecolóxica con Emapic	94	47
Exposicións	480	120
Mercadiño de troco	80	20
TOTAL	1.521	1.654

Estas cifras mostran unha boa acollida do programa entre a comunidade universitaria da UDC ao longo das edicións desde o inicio ata a actualidade (curso 2023/2024). Na Gráfica 2 móstrase a evolución do Marzo Ambiental nas 6 edicións organizadas.




4.2. Valoración das persoas participantes

A valoración do Marzo Ambiental 2024 fíxose a través dun formulario web enviado a lista de todas as persoas participantes. Obtivéronse 45 respostas das que o **89%** salientou unha valoración global de Boa ou Moi boa, e case a totalidade das persoas (98%) recomendarían dalgún modo a outras persoas a participar en futuras edicións de Marzo Ambiental na UDC.



Gráfica 3. (a) Valoración global do Marzo Ambiental 2022; (b) Recomendación do curso para vindeiras convocatorias.

Ademais, o cuestionario de avaliación mostrou preguntas para a análise do impacto do curso nas persoas, antes e despois de ter participado nos módulos de formación. Os resultados, que se mostran na Gráfica 4, reflicten que partindo dun 55% de persoas con coñecementos previos en sustentabilidade, ascendeu ao 86% a percepción de mellora dos seus coñecementos, do que un 22% considerouno clave para a súa formación.



Gráfica 4. Percepción das persoas que respostaron a enquisa de valoración do Marzo Ambiental 2024 respecto á súa aprendizaxe en sustentabilidade despois de asistir aos módulos de formación. (a) “Os teus coñecementos/interese en temas de sustentabilidade ANTES de asistir a este curso eran...”; (b) “Os teus coñecementos/interese en temas de sustentabilidade DESPOIS de asistir a este curso son...”.



Agradecementos

Co-financiamento Fundación Alcoa.

Colaboracións

Domingo Calvo, Pedro Vega, María Jesús Rodríguez,
Javier López, Armand Hernández.
Persoal bolseiro OMA*-UDC.
Profesorado UDC mencionado no programa.

Coordinación

Manuel Soto Castiñeira.

Organización

Martina Rey Dono, Técnica da Oficina de Medio Ambiente* UDC.
Verónica Torrijos Pérez, Técnica da Oficina de Medio Ambiente* UDC.

*Oficina de Sustentabilidade desde 30/04/2024

Educando para a Sustentabilidade